



dera documento electrónico auténtico aquel firmado electrónicamente por su autor o la copia electrónica debidamente compulsada.

En el mismo plazo, los beneficiarios deberán constituir, en concepto de garantía, una fianza por importe de 120,00 euros. La constitución de la garantía señala el momento del nacimiento de las obligaciones mutuas entre las partes (Diputación y beneficiario), y supone la aceptación incondicional y sin reserva de la beca concedida.

La constitución de esta garantía sólo podrá ser tramitada de forma telemática siguiendo las instrucciones establecidas en la página web <http://becasinternacionais.depourense.es>

Dicha garantía responde del cumplimiento de las obligaciones del becario derivadas de la aceptación de la beca. En caso de incumplimiento, la Diputación Provincial podrá proceder a la ejecución de la garantía mediante expediente contradictorio, que será tramitado por los servicios de Intervención, reservándose el derecho la Diputación de documentar y cuantificar económicamente los perjuicios derivados de este incumplimiento, en el caso de ser imputable sólo al beneficiario, y repercutirlos contra el beneficiario de la beca.

La garantía se devolverá de oficio una vez concluido el programa y completadas las obligaciones administrativas de éste, en concreto, una vez cubierto el leopass, entregada la documentación administrativa de cumplimiento de prácticas y comprobantes del uso de los servicios facilitados al beneficiario por la Diputación de Ourense al Servicio de Fomento del Empleo, Igualdad y Asuntos Sociales, siempre que no existan responsabilidades que deban hacerse efectivas con cargo a ésta.

Se entenderá que los beneficiarios renuncian a la beca en caso de no constituir la garantía en la forma y en el plazo establecido. En este caso, la Diputación Provincial, mediante resolución de la Presidencia, procederá a adjudicarles la beca a los solicitantes que figuran en la lista de suplentes en atención a la puntuación que hayan obtenido en las pruebas de selección.

La resolución comprenderá el acto de otorgamiento de la beca y la asignación de un destino geográfico, pero no determinará la empresa concreta en la que se realizarán las prácticas. Para la determinación de esta empresa concreta se procederá del siguiente modo:

a) La Diputación ofertará a los becarios una empresa disponible en el destino, seleccionada de acuerdo con el perfil del becario.

b) El becario será entrevistado por la empresa, que decidirá, en función de esta entrevista, si aceptan al becario en el programa de prácticas, quedando de este modo determinada la empresa de realización de dichas prácticas.

c) En el supuesto de que el becario sea rechazado por esta empresa, la Diputación Provincial realizará las gestiones oportunas para la localización de nuevas empresas. En el caso de que no se encuentren empresas nuevas, o éstas rechazasen igualmente al becario, la Diputación declarará la pérdida del derecho a la beca, sin que esta declaración dé lugar a ningún tipo de derecho indemnizatorio para el interesado.

Undécima.- Publicidad de la concesión

El acuerdo de otorgamiento será objeto de publicación en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense.

Duodécima.-Pago

El importe de pago directo de la beca consistente en la dotación mensual descrita en la base sexta será realizado en la cuenta bancaria indicada por el becario en su solicitud.

Decimotercera.-Justificación

Consistirá en la acreditación fidedigna de su estadía de desarrollo de la práctica en el destino, mediante la presentación

de la documentación que indicará oportunamente esta Diputación Provincial.

Decimocuarta.-Obligaciones de los beneficiarios

Con carácter general, los beneficiarios asumirán todas las obligaciones impuestas por la Ley general de subvenciones y las de aplicación al Programa sectorial Leonardo da Vinci. En particular, quedan sujetos a las obligaciones de control financiero y reintegro en los casos previstos en la referida ley, a cumplir las normas y obligaciones derivadas de la aceptación de la beca y/o de la firma del contrato de la beca Leonardo en el destino asignado en la resolución y en las condiciones en dicho contrato, tanto para la etapa de formación como para las prácticas profesionales, a cumplir los requisitos del proyecto Leonardo de la Diputación Provincial de Ourense y a cubrir todos los formularios de seguimiento y evaluación del proyecto.

Asimismo, se realizarán reuniones de trabajo y reuniones informativas con carácter obligatorio, tanto previas a la salida, como al regreso de la estancia distribuidas en varias sesiones y con una duración total de 15 horas. La asistencia a estas reuniones será obligatoria para los beneficiarios.

La falta de asistencia a las reuniones de trabajo o el incumplimiento de las obligaciones por los beneficiarios podrá ser motivo de declaración de pérdida del derecho a la subvención y, en su caso, dará lugar a la ejecución de la garantía.

Decimoquinta.- Reintegro de la beca

En caso de incumplimiento por el solicitante de las condiciones de la beca por alguna de las causas previstas en el artículo 37 de la Ley general de subvenciones, y/o derivadas de la aceptación de la beca y/o de la suscripción del contrato de beca Leonardo, se procederá a la tramitación de un expediente de reintegro del importe del pago directo de la beca.

Sin perjuicio de lo anterior, en el caso de producirse un abandono injustificado de la beca luego de su aceptación, y/o en cualquier fase de desarrollo de ésta, la Diputación Provincial podrá reclamar los importes consumidos de la beca hasta la fecha de abandono, en la parte no cubierta por la garantía.

Una vez tramitado el expediente de reintegro de la beca, se concederá al interesado un plazo de quince días hábiles para que pueda comparecer en el expediente, tomar audiencia y, a la vista de éste, proponer las pruebas y realizar las alegaciones que tenga por conveniente. Concluidas estas actuaciones y emitidos los informes oportunos, la Junta de Gobierno dictará la resolución que corresponda.

Decimosexta.-Normativa supletoria

En todo lo no dispuesto en estas bases será de aplicación a esta convocatoria y a las subvenciones que se concedan a su amparo lo dispuesto en la normativa de subvenciones aplicable a la Administración local, así como en la legislación vigente en materia de régimen jurídico de las administraciones públicas y del procedimiento administrativo común, así como las normas de aplicación al Programa sectorial Leonardo da Vinci.

Ourense, 1 de marzo de 2010. El presidente.

Fdo.: José Luis Baltar Pumar.

R. 879

Urbaourense

Sociedade Urbanística Provincial, SA

Anuncio

Bases que rexerán o proceso selectivo para a contratación dun arquitecto superior/enxeñeiro de camiños, canles e portos, como persoal laboral, baixo a modalidade de contrato de duración indefinida.



En cumprimento da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local e dos Estatutos de Urbaourense, Sociedade Urbanística Provincial SA (en adiante Urbaourense), o seu Consello de Administración, na sesión do 17 de febreiro de 2010 acordou convoca-las probas selectivas para o ingreso no cadro de persoal laboral fixo da sociedade dun arquitecto superior ou enxeñeiro de camiños, canles e portos, con suxeición ás seguintes:

#### Bases

##### 1.- Obxecto e normativa.

Convócase proceso selectivo para ocupar unha praza de arquitecto superior ou enxeñeiro de camiños, canles e portos, co requisito da especialidade en urbanismo, como técnico en urbanismo de Urbaourense, co carácter de persoal laboral fixo, e cun período de proba de seis meses. O centro de traballo onde o aspirante seleccionado exercerá as súas funcións será no Departamento Técnico das oficinas de Urbaourense en Ourense, rúa Concordia n.º 5-baixo, en horario de mañá e tarde.

O soldo bruto anual previsto para a citada praza é de 35.000 €.

A este proceso selectivo seralle aplicable o disposto nestas bases.

Non se reserva ningunha praza para persoas con discapacidade igual ou superior ó 33% por non acadalo mínimo necesario.

##### 2.- Requisitos dos aspirantes.

2.1. Para ser admitidos a participar no proceso selectivo os aspirantes deberán reuni-los seguintes requisitos:

a.- Ser español ou te-la condición de nacional dun Estado membro da UE, ou nacional dalgún Estado, ó que, en virtude dos tratados internacionais asinados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderán participa-los cónxuxes dos españois, dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea e dos nacionais dalgún Estado, ó que en virtude dos tratados internacionais asinados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas.

Así mesmo, poderán participar os que, non estando incluídos nos parágrafos anteriores, se atopen en España en situación de legalidade, que sexan titulares dun documento que os habilite a residir e a poder acceder sen limitación ó mercado laboral.

b.- Ter cumpridos os dezoito anos e non ter a idade de xubilación.

c.- Titulación acreditativa de titulación en Arquitectura Superior ou Enxeñería de Camiños, Canles e Portos, en ámbolos na especialidade de urbanismo. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión do documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

d.- Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

e.- Non estar separado do servizo de ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Os aspirantes que non teñan a nacionalidade española deberán acreditar igualmente non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

f.- Fotocopia do permiso de conducir tipo B-1

2.2. Tódolos requisitos esixidos deberán posuírse no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

##### 3.- Solicitudes.

3.1.- Os que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar en instancia axustada ó modelo que figura no anexo III desta convocatoria. Á instancia xuntaráse:

a.- Fotocopia do DNI ou equivalente do país de orixe.

b.- Curriculum vitae.

c.- Documentos acreditativos de méritos que se aleguen para a fase de entrevista. A experiencia laboral acreditarase mediante certificado de empresa ou contrato de traballo e historia de vida laboral da Seguridade Social. No suposto de postos de traballo desempeñados en administracións públicas, achegarase a certificación administrativa correspondente.

d.- Fotocopia do permiso de conducir tipo B-1.

e.- Xustificante de ter aboados os dereitos de exame, expedido pola entidade bancaria correspondente, que se fixan na cantidade de 50,00 euros, mediante ingreso a favor de Urbaourense, Sociedade Urbanística Provincial, SA, na conta de Caixanova número 2080-0251-57-0041399935. Estarán exentos de pagamento por dereito de inscrición as persoas que posúan unha discapacidade igual ou superior ó 33% circunstancia que deberá ser acreditada documentalmente xunto coa instancia, presentando orixinal ou copia cotexada da cualificación da discapacidade. Estarán exentos tamén deste pagamento os membros das familias numerosas de carácter especial e as de carácter xeral terán unha bonificación do 50%, o que será acreditado co título de familia numerosa.

A non presentación do xustificante, no que figurará o selo da entidade bancaria, determinará a exclusión do aspirante. En ningún caso a presentación deste xustificante suporá a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma da solicitude (anexo III).

O importe aboadado en concepto de dereitos de exame devolveráselles, logo dos trámites correspondentes, ós aspirantes excluídos da lista definitiva dos aspirantes admitidos, sempre que o soliciten

g.- Documento xustificativo orixinal ou fotocopia debidamente compulsada de estar en posesión do título do curso de perfeccionamento de galego, Celga 4, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de Política Lingüística, para os efectos da exención do exercicio de coñecemento do galego.

3.2. A presentación de solicitudes farase nas oficinas de Urbaourense, SA, en Ourense, rúa Concordia 5-baixo (antiga rúa Capitán Eloy), no prazo de 10 días naturais, a partir do seguinte á publicación desta convocatoria no BOP de Ourense. Tamén se publicará esta convocatoria nun diario de difusión xeral e no perfil do contratante da páxina web de Urbaourense ([www.urbaourense.es](http://www.urbaourense.es)). A entrega de solicitudes efectuarase en horario de 9.00 a 14.00 horas. Para o caso de presentación de solicitudes por correo, deberá comunicárselle a Urbaourense mediante fax remitido ó número 988 21 07 91, antes de remata-la data de presentación de solicitudes, escrito no que conste a data de presentación da solicitude, así como a oficina de correos na que foi presentada.

3.3. Os aspirantes con algunha discapacidade deberán indicar na solicitude. Así mesmo, deberán solicita-las correspondentes adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

3.4. Os erros de feito que puideran advertirse, poderán corrixirse en calquera momento, de oficio ou por instancia do interesado.



3.5. O enderezo que figure nas instancias considerárase como o único válido para os efectos de notificacións, polo que será responsabilidade única dos aspirantes tanto os erros na súa consignación como a comunicación de calquera cambio nel.

#### 4.- Admisión de aspirantes.

4.1. Unha vez expirado o prazo de presentación de instancias, o xerente de Urbaourense aprobará, no prazo máximo de 7 días naturais, a lista provisional de admitidos e excluídos que será exposta na páxina web da sociedade. Nas devanditas listas constarán os apelidos, nome e número de DNI, así como a causa de exclusión.

4.2. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 7 días naturais, contados a partir do seguinte á publicación da lista provisional na páxina web de Urbaourense, para poder corrixi-lo defecto que motivou a exclusión. Unha vez transcorrido este prazo, a Comisión de Selección aprobará a lista definitiva de admitidos e excluídos.

Para tal efecto, a estimación ou desestimación das solicitudes de emenda dos defectos que motivaron a exclusión, entenderase implícita na resolución pola que se anuncie a lista definitiva, o que será anunciado na páxina web de Urbaourense e exposta nas oficinas de Urbaourense, SA, na forma antes indicada.

4.3. Os aspirantes admitidos que non presentasen o título do curso de perfeccionamento de galego, Celga 4, ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de Política Lingüística deberán facer un exercicio previo de carácter eliminatorio, que constará de dúas partes:

Primeira parte: consistirá na tradución dun texto do castelán ó galego, elixido por sorteo de entre tres textos propostos pola Comisión de Selección.

Segunda parte: consistirá na tradución dun texto do galego ó castelán, elixido por sorteo de entre tres textos propostos pola Comisión de Selección.

O tempo máximo para a realización do exercicio será dunha hora.

Este exercicio cualificarase como apto ou non apto, e será necesario para superalo obte-la cualificación de apto, correspondéndolle á Comisión de Selección determina-lo nivel de coñecementos esixidos para acadalo resultado de apto.

Os resultados publicaranse, unha vez rematada a corrección da totalidade dos exercicios, na páxina web de Urbaourense, e darase un prazo de 3 días para alegacións.

4.4. A Comisión de Selección, unha vez determinados os aspirantes non eliminados no exercicio previo, anunciará a lista de admitidos na páxina web de Urbaourense.

Para tal efecto, a estimación ou desestimación das alegacións, entenderase implícita na resolución pola que se publique a lista definitiva de admitidos non eliminados. Na dita páxina web, indícase así mesmo a data, hora e lugar da realización do exercicio escrito teórico.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles reconeça ós interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que deba presentarse no caso de supera-lo proceso selectivo, se desprenda que non posúe algún dos requisitos, os interesados decaerán en tódolos dereitos que puideran derivarse da súa participación nese procedemento.

4.5. As decisións adoptadas no proceso de selección serán expostas na páxina web de Urbaourense.

#### 5.- A Comisión de Selección.

5.1.- A comisión encargada de efectua-la selección está constituída polos seguintes membros, ou suplentes que sexan designados de se-lo caso:

Presidente: don José Jesús Cudeiro Mazaira, xerente de Urbaourense.

Vogais:

- Don Francisco Cacharro Gosende, secretario da Deputación de Ourense

- Don José Manuel González Sánchez, xefe de Vías e Obras da Deputación de Ourense

- Don Daniel Rodríguez Fernández, arquitecto

Vogal-secretario: don José Luís Suárez Martínez, xefe do Servizo de Persoal da Deputación de Ourense

Todos eles con voz e voto. As decisións adoptaranse por maioría e no caso de empate resolverase co voto de calidade do presidente.

5.2. Os membros da Comisión de Selección absteranse de intervir, e notificaranllo ó presidente da comisión, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou estivesen realizando tarefas de preparación de aspirantes ás probas selectivas, nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Os aspirantes poderán recusa-los membros da Comisión de Selección, cando concorran as circunstancias previstas nesta base.

5.3. Para a válida actuación da Comisión de Selección requirírase a presenza do presidente, secretario e un dos vogais, sexan titulares ou suplentes. A sesión de constitución acordará tódalas decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

5.4. A Comisión de Selección resolverá tódalas dúbidas que puideran xurdir na aplicación destas normas, así como o que se deba facer nos casos non previstos.

5.5. A Comisión de Selección poderá dispoñer para os seus traballos a incorporación de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que considere pertinentes, limitándose os ditos asesores a presta-la colaboración nas súas especialidades técnicas.

5.6. A Comisión de Selección adoptará as medidas precisas, nos casos que sexa necesario, de forma que os aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións para a realización do exercicio escrito cō resto dos participantes. Neste sentido, estableceranse para as persoas con discapacidade que o soliciten na forma prevista nas bases, as adaptacións de tempo e medios para a súa realización.

5.7. Para os efectos de comunicacións e demais incidencias, a Comisión de Selección terá a súa sede nas oficinas de Urbaourense.

5.8. En ningún caso se seleccionará para os postos de traballo convocados un número superior de aspirantes ó de prazas convocadas.

#### 6.- Selección dos aspirantes.

6.1 O proceso selectivo levarase a cabo en dúas fases, conforme ó sinalado no anexo I destas bases. Finalizado o proceso selectivo, a Comisión de Selección fará pública na páxina web de Urbaourense, o resultado do proceso, con indicación da puntuación total obtida polos aspirantes.

O secretario da Comisión de Selección entregarlle ó presidente de Urbaourense a copia certificada da relación de aspirantes e puntuacións finais obtidas no conxunto das probas e a proposta de selección.

A selección deberá ser aprobada polo Consello de Administración de Urbaourense e farase pública na páxina web de Urbaourense.



7.- Presentación de documentos e sinatura dos contratos.

7.1. No prazo de 5 días naturais, contados dende o seguinte a aquel no que a selección aprobada sexa publicada na páxina web da sociedade, o aspirante seleccionado deberá presentar en Urbaourense a seguinte documentación:

a) Fotocopia compulsada do título esixido na base 2 ou certificación académica que certifique ter feito tódolos estudos para a obtención do título.

b) Declaración xurada ou promesa de que non foi separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

7.2. Unha vez cumpridos os requisitos esixidos con anterioridade, notificaraselle ó seleccionado a data de sinatura do contrato, suxeito ó período de proba establecido pola normativa laboral.

O traballador e o xerente de Urbaourense subscribirán o contrato no prazo de 5 días naturais, contados dende a notificación prevista no apartado anterior. A incorporación ó cadro de persoal da empresa producirase inmediatamente trala sinatura do contrato.

7.3.- Salvo caso de forza maior, a non presentación polo aspirante seleccionado da documentación dentro do prazo fixado, ou se do seu exame se deducise que carece dalgún dos requisitos sinalados na base 2, ou se non concorrese á sinatura do contrato, quedará sen efecto a súa selección e anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que incorrese por falsidade na solicitude inicial.

Ourense, 17 de febreiro de 2010. Xerente de Urbaourense, Sociedade Urbanística Provincial, SA.

Asdo.: José Jesús Cudeiro Mazaira

#### Anexo I

1.- Proceso selectivo, mediante oposición e entrevista.

1.1.- O proceso selectivo realizarase en dúas fases: fase de exame de coñecementos e fase de entrevista na que se valorará a capacidade específica dos candidatos para o posto de traballo e en relación cos méritos alegados.

1.2.- Os aspirantes que non acaden a puntuación mínima esixida na fase de exame non accederán á fase de entrevista.

1.3.- A valoración das tres fases realizarase segundo a seguinte ponderación:

Exame: 60%

Entrevista: 40%

2.- Fase de exame (puntuación máxima: 60 puntos).

Terá o seguinte contido:

2.1. Único exercicio, de carácter eliminatorio: consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 60 preguntas tipo test, máis 5 de reserva, con respostas alternativas, propostas pola Comisión de Selección consonte ó temario que figura no anexo II. O exercicio terá unha duración máxima de 90 minutos. Cualificarase de 0 a 60 puntos. Correspóndelle á Comisión de Selección determina-la puntuación mínima para superalo, así como o número de respostas correctas esixido para acada-la devandita puntuación mínima, sen que en ningún caso o número de respostas correctas para acada-la puntuación mínima poida ser inferior a 30. Para iso terase en conta que por cada tres respostas incorrectas se descontará unha correcta.

2.2. Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade. Así mesmo, deberán presentarse provistos de bolígrafo.

En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos para acredita-la súa identidade.

2.3. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en único chamamento, sendo excluído do proceso quen non compareza, agás nos casos de forza maior xustificadas e libremente apreciadas pola Comisión de Selección.

2.4. Os aspirantes disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados a partir da publicación das puntuacións obtidas, para formular reclamacións ante a Comisión de Selección, en relación coas puntuacións asignadas nesta fase.

3.- Fase de entrevista (puntuación máxima: 40 puntos)

3.1.- Unicamente accederán á entrevista os 6 candidatos coa mellor puntuación total acadada na fase de oposición. Na entrevista persoal avaliarase a adecuación ó posto de traballo dos aspirantes e os méritos alegados para o posto. A Comisión de Selección poderá formularlles ós candidatos aquelas cuestións, de carácter teórico ou práctico, relacionadas co contido do posto de traballo que considere procedentes ou solicitar destes o deseño de propostas de contido e funcións que se vaian realizar no dito posto. Cualificarase de 0 a 40 puntos. A Comisión de Selección poderá incorporar á fase de entrevista técnicos en selección de persoal, para que lle presten asesoramento verbo da avaliación dos candidatos.

3.2.- A realización da entrevista será anunciada na páxina web de Urbaourense, sempre con vinte e catro horas de antelación, cando menos. Se non se puidera remata-la fase de entrevista nunha soa sesión, a Comisión de Selección publicará na páxina web de Urbaourense, a data e hora de realización das seguintes sesións e os aspirantes convocados a estas.

3.3.- Unha vez que a Comisión de Selección teña puntuada a fase de entrevista, publicaranse as puntuacións correspondentes á referida fase na páxina web de Urbaourense.

4.- Puntuacións.

As puntuacións das dúas fases publicaranse na páxina web de Urbaourense.

A orde de puntuación dos aspirantes efectuarase de acordo coa suma da puntuación obtida nas diferentes fases.

Ourense, 17 de febreiro de 2010. O xerente de Urbaourense, Sociedade Urbanística Provincial SA.

Asdo.: José Jesús Cudeiro Mazaira

#### Anexo II

Temario proposto para a contratación dun arquitecto superior ou enxeñeiro de camiños, canles e portos coa especialidade de urbanismo.

Tema 1.- A Constitución española de 1978. Estrutura e contido esencial. Procedemento de reforma. Os principios constitucionais: O estado social e democrático de dereito. Os valores superiores na Constitución española. Os dereitos e deberes fundamentais. A protección e suspensión dos dereitos fundamentais. Protección xurisdiccional dos dereitos fundamentais da persoa.

Tema 2.- A Administración pública na Constitución. A regulamentación da Administración na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Tema 3.- O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. Requisitos: a motivación e a forma. A eficacia dos actos administrativos: executividade. A notificación dos actos. A invalidez do acto administrativo. Supostos de nulidade de pleno dereito e anulabilidade. O principio de conservación do acto administrativo.

Tema 4.- O procedemento administrativo: concepto e fases. Os interesados. A terminación do procedemento: a obriga de resolver. A falta de resolución expresa: o silencio administrativo.



Tema 5.- Os recursos administrativos: principios xerais. Actos susceptibles de recurso. Clases de recursos. A revisión xurisdiccional da actuación administrativa.

Tema 6.- Os recursos das facendas locais. Especial referencia ós impostos municipais con relación coa actividade urbanística.

Tema 7.- A regulación de incompatibilidades dos funcionarios públicos. Os delitos cometidos polos funcionarios públicos.

Tema 8.- O Real decreto lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo.

Tema 9.- A Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia coas modificacións derivadas da Lei 15/2004, do 24 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia de 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes, en materia de vivenda e solo.

O réxime transitorio na Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia coas modificacións derivadas da Lei 15/2004, con especial atención ó disposto nas disposicións transitorias primeira, cuarta e décimo terceira.

Principios e disposicións xerais. Clasificación, categorización e cualificación do solo.

Tema 10.- Dereitos e deberes dos propietarios en cada clase de solo. Aproveitamento urbanístico. Usos permitidos e actuacións prohibidas.

Tema 11.- Clases de instrumentos de ordenación e natureza.

Tema 12.- Plan Xeral de Ordenación Municipal: Obxecto, determinacións e documentación. Procedemento de elaboración e aprobación.

Tema 13.- O planeamento de desenvolvemento (I): plans parciais, plans de sectorización, plans especiais e estudos de detalle. Clases de réxime xurídico.

Tema 14.- O planeamento de desenvolvemento (II): elaboración e aprobación. Competencia e procedemento.

Tema 15.- Vixencia e revisión dos plans. Efectos da aprobación dos plans.

Tema 16.- Execución dos plans de ordenación: disposicións xerais. Áreas de repartimento. Aproveitamento tipo. A equidistribución, procedemento de aprobación, efectos, extinción de dereitos e cargas, inscrición.

Tema 17.- Os sistemas de actuación: sistemas de cooperación. Sistemas de expropiación.

Tema 18.- Os sistemas de actuación indirectos: compensación, concerto e concesión de obra urbanizadora.

Tema 19.- Obtención de terreos de sistemas xerais e dotacións públicas. Técnicas de obtención de terreos destinados a dotacións locais.

Tema 20.- As licenzas urbanísticas: concepto. Actos suxeitos a licenza. Procedemento de outorgamento. Caducidade. Actos promovidos polas administracións públicas.

Tema 21.- O deber de conservación dos inmobles. As ordes de execución. A declaración de ruína. Os parcelamentos urbanísticos: indivisibilidade. Réxime.

Tema 22.- Disciplina urbanística: inspección urbanística. Protección da legalidade.

Tema 23.- Disciplina urbanística: infraccións e sancións: definición. Tipificación. Prescrición. Persoas responsables. Sancións. Órganos competentes. Procedemento.

Tema 24.- Licenzas de apertura de establecementos ou funcionamento de actividades. A súa relación coas licenzas de obras. Procedemento. A Lei 34/2007, do 15 de novembro de calidade do aire e protección da atmosfera e a súa relación co Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas (Decreto

2414/1961) e o Decreto autonómico 133/2008 polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

Tema 25.- Aspectos urbanísticos na normativa sobre patrimonio histórico, estradas, transportes, comunicacións e augas.

Tema 26.- Aspectos urbanísticos na lexislación de costas.

Tema 27.- A Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia: obxecto da lei. Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia. Disposición adicional primeira.

Tema 28.- A Lei 38/1999, de ordenación da edificación: esixencias técnicas e administrativas da edificación. Axentes. Responsabilidades e garantía. Disposicións relacionadas coa edificación, redacción de proxectos e dirección de obra. Intervención dos colexios profesionais, o visado colexial.

Tema 29.- Disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción. Real decreto 1627/1997: disposicións específicas das fases de proxecto e execución das obras. O coordinador. Estudo de seguridade e saúde. Estudo básico de seguridade e saúde.

Tema 30.- Normativa sobre condicións mínimas de habitabilidade das vivendas. Decreto 262/2007, sobre normas de hábitat galego. Condicións de accesibilidade e supresión de barreiras: Real decreto 505/2007 sobre condicións básicas de accesibilidade nos edificios. Lei 8/1997, do 10 de agosto. Regulamento para o desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade: Decreto 35/2000. Obxecto. Ámbito de aplicación. Disposicións xerais.

Tema 31.- O Decreto 402/2009, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a aplicación do Real decreto 2066/2008.

Tema 32.- Normas básicas da edificación. A súa aplicación e obrigatoriedade. Normas en vigor. Contido. Normas tecnolóxicas da edificación. Clasificación sistemática. Especificacións, contido e estrutura das normas tecnolóxicas da edificación.

Tema 33.- O Real decreto 314/2006, do 28 de marzo, polo que se aproba o Código técnico da edificación: obxecto. Contido do CTE. Condicións de carácter xeral no proxecto, na execución das obras e do edificio. Breve referencia ás esixencias básicas. O Real decreto 1371/2007 que aproba o documento técnico básico de protección fronte o ruído.

Tema 34.- A Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia.

Tema 35.- A Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

Tema 36.- Ordenación do territorio: principios xerais. A Lei de ordenación do territorio de Galicia. As directrices de ordenación do territorio.

Tema 37.- Os plans e proxectos sectoriais no Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os planes e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal: finalidade, determinacións, documentación. Procedemento.

Tema 38.- A Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (I): obxecto, finalidade e ámbito de aplicación da lei. Delimitación dos tipos contractuais.

Tema 39.- A Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (II): contrato de obras na nova lei. Proxecto de obras e traza. Normas especiais dos contratos de obras. Contrato de servizos e normas especiais.

